

EXPTE. nº 9/2023 (3046/2023): “CONTRATACIÓN CONXUNTA ELABORACIÓN PROXECTO E EXECUCIÓN DA OBRA DE REHABILITACIÓN DO CENTROS DAS ARTES EMILIA PARDO BAZAN ”.

INFORME TÉCNICO.

Visto o escrito achegado pola Mesa de Contratación do expediente de referencia no que se solicita informe sobre a xustificación da oferta, que se presume anormalmente baixa, presentada polo licitador “**CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU**”; o Técnico que subscribe procede a dar cumprida resposta a dita solicitude.

ANTECEDENTES:

- 1) En data 22/09/2023 a Mesa de Contratación do expediente de referencia emite escrito solicitando ao licitador “CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU” que xustifique e desagregue, razoada e detalladamente, o baixo nivel dos prezos, ou dos custos, ou calquera outro parámetro con base no cal se definiu a anormalidade da oferta, mediante a presentación daquel información e documentos que resulten pertinentes para estes efectos, todo elo ao amparo do art. 149 da LCSP.
- 2) En data 29/09/2023 o licitador aporta documentación xustificativa da oferta presentada que se presume anormalmente baixa.
- 3) O artigo 149.4 da LCSP establece, para as ofertas anormalmente baixas, o seguinte:

*“El licitador **deberá justificar y desglosar razonada y detalladamente** aquellas condiciones de la oferta que sean susceptibles de determinar el bajo nivel del precio o costes de la misma o cualquier otro parámetro en base al cual se haya definido la anormalidad de la oferta y, en particular, en lo que se refiere a los siguientes valores:*

a) El ahorro que permita el procedimiento del servicio prestado, acompañando un estudio de costes que justifiquen el importe de la oferta presentada por el licitador.

b) Las soluciones técnicas adoptadas y las condiciones excepcionalmente favorables de que disponga para prestar el servicio.

c) La innovación y originalidad de las soluciones propuestas para prestar el servicio.



d) El respeto de obligaciones que resulten aplicables en materia medioambiental, social o laboral, y de subcontratación, no siendo justificables precios por debajo de mercado o que incumplan lo establecido en el artículo 201 de la LCSP.

e) La posible obtención de una ayuda del Estado.”

- 4) Vista a documentación aportada polo licitador “CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU” para a xustificación da súa oferta presentada, que se presume anormalmente baixa, o técnico que subscribe INFORMA:

Por un lado. Debese aclarar, que para a contratación redactouse un anteproxecto que establecía os obxectivos do contrato e contemplaba un resumo de presuposto previsto por capítulos, non existindo prezos para as diferentes unidades de obra, polo que non se pode comparar con prezos de proxecto por non existir.

O licitador manifesta e expón:

- Identifica o exceso da baixa, para que esta non se atopara na situación de temeraria, sendo o exceso da baixa realizada de un 4,05% e en presuposto serían 72.165,30 €.
- A empresa acredita experiencia acumulada en obras similares, contando con persoal con formación adecuada o que lle permite unha mellora nos rendementos; asemade a empresa dispón de maquinaria en súa propiedade totalmente amortizada; recursos que facilitan unha redución dos costes das diferentes tarefas da obra.
- Asemade, outro recurso que afecta a redución económica das unidades de obra é o transporte, pois utiliza como de base de almacén e parque de maquinaria as instalacións de seu principal subcontratista, abicadas súas instalacións no propio concello e asemade o persoal é da zona. Todos estes recursos, permítenlle a empresa unha redución dos gastos xerais en un 3 %.
- Asemade fai unha xustificación detallada dos costes directos e indirectos a utilizar na obra, que redundan na oferta realizada.
- Asemade, adxunta presuposto das unidades de obra mais importantes, a realizar polas subcontratas, tratándose de empresas especializadas das tarefas a realizar con aportación dos prezos descompostos, que xustifican os prezos ofertados sendo estes acordos cos prezos de mercado e que supoñen unha baixa importante respecto do presuposto estimado no anteproxecto.



CONCLUSIÓN:

Por todo o exposto, á vista da documentación aportada, o técnico que subscribe en cumprimento do establecido no art. 149.4 da LCSP entende que a documentación aportada polo licitador “**CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU**” para a xustificación da oferta anormalmente baixa, **XUSTIFICA SUFICIENTEMENTE** o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** á mesma.

Todo elo a salvo de mellor criterio da Mesa de Contratación.

Sanxenxo, con data da sinatura electrónica
O arquitecto municipal
Rafael Vázquez Abal

